



A lingua de chegada do fragmento da tradución do *Fuero Real* do Archivo Histórico Provincial de León¹

Ramón Mariño Paz²

Recibido: 12 de maio de 2023 / Aceptado: 20 de xuño de 2024

Resumo. Como primeira contribución ao proxecto de edición e estudo dos tres fragmentos de traducións do *Fuero Real*, da *Tercera Partida* e das *Flores de Derecho* que están depositados no Archivo Histórico Provincial de León, neste artigo presento unha análise lingüística que demostra que a lingua de chegada do primeiro deles é a variedade de galego propia da comarca de Vilafranca do Bierzo, con ocasionais adopcións de variantes propias de variedades máis orientais. O desenvolvemento económico e administrativo que esta vila alcanzou durante os séculos XII e XIII fixo dela unha poboación cun nivel de actividade burocrática e xudicial que nalgún escritorio debeu de facer necesario contar con traslados dos devanditos textos xurídicos a unha variedade do romance máis ou menos próxima da local.

Palabras chave: prosa galega medieval; prosa xurídica; *Fuero Real*; tradución; historia da lingua.

[es] La lengua de llegada del fragmento de la traducción del *Fuero Real* del Archivo Histórico Provincial de León

Resumen. Como primera contribución al proyecto de edición y estudio de los tres fragmentos de traducciones del *Fuero Real*, de la *Tercera Partida* y de las *Flores de Derecho* que están depositados en el Archivo Histórico Provincial de León, en este artículo presento un análisis lingüístico que demuestra que la lengua de llegada del primero de ellos es la variedad de gallego propia de Vilafranca do Bierzo, con ocasionales incorporaciones de variantes propias de variedades máis orientais. El desarrollo económico y administrativo que esta villa alcanzó durante los siglos XII y XIII hizo de ella una población con un nivel de actividad burocrática y judicial que en algún escritorio debió de hacer necesario contar con traslados de dichos textos jurídicos a una variedad del romance más o menos próxima a la local.

Palabras clave: prosa gallega medieval; prosa jurídica; *Fuero Real*; traducción, historia de la lengua.

[en] The Target Language of the Fragment of the *Fuero Real*'s Translation of the Archivo Histórico Provincial de León

Abstract. This paper contains my first contribution to the project of edition and study of the three fragments of translations of the *Fuero Real*, the *Tercera Partida* and the *Flores de Derecho* which are currently deposited in the Archivo Histórico Provincial de León. It is a linguistic analysis that shows that the target language of the first of them is the Galician variety of Vilafranca do Bierzo, with a few adoptions of variants of more eastern varieties. The economic and administrative development that this town reached during the 12th and the 13th centuries turned it into a population with a level of bureaucratic and judicial activity that must have made it necessary to have translations of such legal texts to a variety of romance close to the local one.

Keywords: Medieval Galician Prose; Legal Prose, *Fuero Real*, Translation; History of the Language.

¹ Este traballo realizouse no marco dos proxectos *Patrimonio textual da Galicia medieval* (Instituto da Lingua Galega, USC) e *Escritorio Galego-Portugués Antigo* (Instituto da Lingua Galega, USC / Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, CSIC-Xunta de Galicia / Universidad de Alcalá / UNED). Presentei un avance del no Simposio *Fuentes para el estudio diacrónico del continuum lingüístico en el noroeste peninsular: temas y problemas* (Salamanca, 3 e 4 de novembro de 2022), organizado polo Grupo de Estudio de Documentos Históricos y Textos Antiguos de la Universidad de Salamanca (GEDHYTAS).

² Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela.
Correo-e: ramon.marino.paz@usc.gal. ORCID: <https://orcid.org/0000-0001-5637-3357>.

Sumario. 1. Obxectivo. 2. Análise lingüística. 2.1. Variábeis fonéticas. 2.1.1. Trazos compartidos polo galego e o leonés occidental. 2.1.2. Trazos galegos non compartidos polo leonés occidental. 2.1.3. Conclusión. 2.2. As palabras gramaticais. 2.3. Morfoloxía flexiva: lexemas e desinencias verbais. 2.4. Morfoloxía derivativa. 3. Conclusión. 4. Referencias bibliográficas.

Como citar: Mariño Paz, Ramón (2024): “A lingua de chegada do fragmento da tradución do *Fuero Real* do Archivo Histórico Provincial de León”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 27, e104571, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.104571>.

1. Obxectivo

No Archivo Histórico Provincial de León está depositado actualmente un fragmento dunha tradución do *Fuero Real* de Afonso X, un texto cuxa composición orixinal adoita datarse, non sen certas reservas, entre 1252 e 1255³. Integrado na *Colección de fragmentos de pergaminos procedentes de encuadernaciones*, o dito fragmento (BITAGAP texid 9841) leva a referencia VI-73 [fol. 1] e contén as leis 9-19 do título X, que tratan sobre a actuación nos preitos dos procuradores ou “persoeiros”, e mais as leis 1-4 do título XI, que versan sobre a validez dos xuízos. Á mesma *Colección* leonesa pertencen un fragmento dunha tradución da *Tercera Partida* (VI-73 [fol. 4]; BITAGAP texid 1215) e outro fragmento dunha tradución das *Flores de Derecho* (ca. 1235-1252) do xurista Jacobo de las Leyes (VI-73 [fols. 2-3]; BITAGAP texid 9842). Os tres manuscritos foron reutilizados como encadernacións de protocolos notariais de Vilafranca do Bierzo e presentan configuracións lingüísticas diferentes, pois mentres que as do *Foro Real* e as *Flores de Derecho* se poden caracterizar globalmente como galego-leonesas, a da *Tercera Partida* axústase ben “a las normas tradicionales galaicoportuguesas” e carece de indicios que permitan inferir “la localización de la zona en donde se ha traducido” aínda que si se observa nela a presenza de usos gráficos portugueses, segundo xa advertiu Pensado (1974-75: 111, 121). As similitudes materiais e lingüísticas entre o fragmento do *Foro Real* e o das *Flores de Derecho* inducen a pensar que os dous deberon de formar parte dun códice facticio que reuniría textos de carácter

lexislativo distintos pero afíns (*Ibid.*: 103, 109, 110-120).

O testemuño do *Foro Real* é un folio de pergamino de letra gótica cursiva caligráfica que, igual ca o das *Flores de Derecho*, parece poder datarse entre finais do século XIII e as primeiras décadas do XIV. Moi semellante a esta é a datación que se pode postular para o testemuño berciano da *Tercera Partida*: “primeira metade do séc. XIV (ca. 1300-25)” (Pichel et alii 2020: 158). Sobre o lugar ou a comarca en que os tres foron producidos resulta revelador que todos se reutilizasen como capas de protocolos notariais de Vilafranca do Bierzo, pero no concreto caso do *Foro Real* contamos cun dato adicional sumamente elocuente. En efecto, nunha nota posmedieval, probablemente do século XVI, que se encontra na marxe dereita do seu folio 1v hai unha referencia á vila berciana de Valtuille (concello de Vilafranca do Bierzo) que di así: “Carta de venta de lope bullon [que fer?] nan lopez vezino de valtuylle de [...]”. É moi verosímil, por tanto, que se trate dunha tradución de entre finais do XIII e principios do XIV feita na zona occidental do Bierzo, con Vilafranca como principal núcleo de poboación.

Os tres fragmentos, editados por Pensado (1974-75) hai uns cincuenta anos, están sendo estudados no marco dos proxectos *Patrimonio textual da Galicia medieval* e *Escritorio Galego-Portugués Antigo* (EGPA), dirixidos por Xavier Varela Barreiro, no primeiro caso, desde o Instituto da Lingua Galega (USC), e, no segundo, por Ricardo Pichel e Miguel García-Fernández, tamén desde o ILG en coordinación co Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia), a Universidad de Alcalá e a UNED. O traballo que aquí presento é unha primeira contribución a esta tarefa. O que con el me propuxen facer foi caracterizar coa maior precisión posíbel a variedade lingüística en que está redactado o fragmento do *Foro Real*.

Elaborei este estudo a partir dunha transcripción diplomática do texto realizada por Ricardo Pichel, mais non sen ler persoalmente o fragmento no Archivo Histórico Provincial de León. Os datos recadados neste manuscrito reproducízoos neste artigo coas únicas diferenzas de que aquí, con moi poucas excepcións⁴,

³ A información que sinteticamente reúno neste apartado introdutorio tomeina de Pichel et alii 2020: 157-161, 195-200, 203-205.

⁴ Transcribo o texto sen intervir sobre os seus signos braquigráficos salvo nun pequeno grupo de casos en que isto me pareceu necesario para que se entenda ben a exposición que fago.

desenvolvo as súas abreviaturas sen ningún tipo de indicación tipográfica, pois non resultan problemáticas, e ademais transformo o signo tironiano en *e*. Todos eses datos foron sometidos a unha análise lingüística contrastiva con outros que proceden de fontes galegas, berbianas e leonesas medievais e cos que a dialectoloxía moderna nos proporcionou para as variedades lingüísticas faladas nestas zonas no treito final do século XX.

2. Análise lingüística

2.1. Variábeis fonéticas

2.1.1. Trazos compartidos polo galego e o leonés occidental

Comezarei esta exposición coa presentación de catro variábeis que tanto hoxe como presumibelmente na Idade Media se presentaban e presentan no leonés occidental cunha variante que era a mesma que se utilizaba e utiliza tamén en todo o territorio galegófono contiguo. Trátase de variábeis fonéticas que nos nosos días se cartografan con isoglosas que cruzan o territorio de norte a sur por unha zona situada bastante ao leste da divisoria entre os ríos Cúa e Sil, que é onde se localiza a franxa de transición graduada entre o dominios galego e leonés. Cómpre precisar, neste punto, que Vilafranca do Bierzo se encontra á beira do río Burbia, ao oeste do Cúa e, por tanto, en territorio plenamente galegofalante⁵.

A primeira desas catro variábeis aludidas é a do tratamento dos ditongos decrecentes /ei/ e /ou/. A finais do século XX a fronteira entre as falas que os conservaban e aquelas que os monotongaban discorría nesta comarca pola liña do río Órbigo, entre Astorga e León, de modo que o mantemento de tales unidades ditongais era entón característico tanto do galego de Vilafranca coma do leonés do Bierzo oriental e da Maragatería (cf. Borrego Nieto 1996: 141-143). Como, ademais, nos textos medievais escritos en romance leonés o mantemento destes ditongos dá sinais de vitalidade na zona occidental dese dominio lingüístico (cf. Morala 2004: 557; 2021: 20-21; Giménez Eguíbar / Sánchez González de Herrero 2019:

316; Sánchez González de Herrero 2023: 511), debemos concluír que é esperábel que, como efectivamente sucede, a súa monotongación non se rexistre nunca no fragmento do *Foro Real* traducido en Vilafranca que aquí estudo⁶:

- a. /ei/: *dereytamente* (1vb), *dereyto* (1va, 1vb), *feyto* (1va, 1vb -3 v.-), *feyta* (1vb), *herdeyros* (1va), *leyxe* (1va), *peytar* (1va), *peyte* (1vb), *pensoeyro* (1ra -2 v.-, 1rb -5 v.-, 1va -7 v.-), *penssoeyro* (1ra), *pesoeyro* (1ra); *toleyto* (1ra).
- b. /ou/: *cousa* (1ra, 1rb), *coussas* (1vb), *entrou* (1va -2 v.-), *ou* (1ra -3 v.-, 1rb -6 v.-, 1va -2 v.-, 1vb -8 v.-), *outro* (1ra -5 v.-, 1rb, 1va, 1vb -4 v.-), *outra* (1rb, 1vb -2 v.-), *outros* (1vb), *outras* (1vb), *Outrossy* (1ra, 1va), *ouuer* (1rb -2 v.-), *ouuesse* (1ra), *sou* (1ra -2 v.-, 1rb -4 v.-, 1va, 1vb -2 v.-), *sous* (1va).

Tamén son hoxe característicos do leonés occidental desta comarca outros dous trazos compartidos con todo o territorio galegófono: o cambio a lateral palatal⁷ de [lj] e [l:j] latinos e a transformación en semiconsoante palatal da consoante implosiva dos grupos latinos /kt/ e /lt/, sen chegada á consoante africada palatal xorda. O primeiro deles, vivo na variedade da metade occidental do Bierzo a finais do século XX (cf. Cano González 1998: 19, 24), é o que, representado con <l> ou con <ll>, se observa moi maioritariamente nos documentos dos séculos XIII e XIV do mosteiro da Veiga de Espiñareda (cf. Giménez Eguíbar / Sánchez González de Herrero 2019: 308-311; Sánchez González de Herrero 2023: 511-512), situado poucos quilómetros ao nordés de Vilafranca, e tamén o que se le con abundancia nos das escribanías máis occidentais de Carrizo (cf. Marcet Rodríguez 2007: 985). Así mesmo, é o único que, coa forma gráfica <ll> ou coa forma <l>, aparece no fragmento vilafranquino do *Foro Real*: *fillo* (1vb), *llo* (1ra, 1va; de *le o* > **ljo* > *llo*), *melorar* (1rb), *semelaue* (1vb), *semellaueles* (1vb), *toller* (1ra; formado analoxicamente a partir de *tollo* < **TOLLIO*), *tolla* (1va), *toleyto* (1ra), *uala* (1va -2 v.-, 1vb), *ualla* (1ra, 1va -2 v.-).

⁵ Dada a súa claridade, recomendo para esta cuestión a consulta do mapa da fronteira do galego en León que Fernández Rei 2002: 352 elaborou a partir de materiais de Seco Orosa 1998: 41.

⁶ Tampouco monotonga o ditongo decrecente de *mays* (1rb -3 v.-, 1va), adverbio ou conxunción adversativa.

⁷ Como ben se sabe, só moi modernamente se xeneralizou en galego a deslateralización desta consoante (cf. Mariño Paz 2017: 506-508, 564-567).

O resultado /it/ para os grupos /kt/ e /lt/, actualmente o máis estendido nas variedades leonesas occidentais da zona (cf. Borrego Nieto 1996: 145), é tamén o maioritario na documentación do século XIII do mosteiro da Veiga de Espiñareda (cf. Giménez Eguibar / Sánchez González de Herrero 2019: 313-315) e o que se rexistra en exclusiva no fragmento do *Foro Real* que estudamos: *dereytamente* (1vb), *de-reyto* (1va, 1vb), *feyta* (1vb), *feyto* (1va, 1vb -2 v.-), *muytos* (1rb -2v.-), *peytar* (1va), *peyte* (1vb)⁸. É significativo que tanto nas escrituras da Veiga de Espiñareda coma no *Foro Real* de Vilafranca se use sempre a variante *muyto*, compartida con amplas zonas do dominio galego oriental, e non a que xa era máis común no galego medieval: *moyto*. Do meu punto de vista, o que isto quere dicir é que neste caso o autor desta tradución do *Fuero* de Afonso X se debeu de ater a unha das variantes locais de Vilafranca do Bierzo, en cuxa comarca o ALGa 3 (mapa 18) localizaba no último terzo do século XX *muito* e *mutio*.

Outro fenómeno vocálico abundantemente rexistrado no leonés medieval que ten continuidade, polo menos parcial, nunha zona do galego oriental confinante é a presenza dunha semiconsoante palatal, etimolóxica (*bracio*, *criancia*, *forcia*, *marcio*...) ou non (*setembrio*, *ochubrio*...), na terminación de certas palabras (cf. García Arias 1988: 78-80; Borrego Nieto 1996: 144; Morala 2004: 557-558; Morala 2021: 19-20). En relación con isto, cómpre lembrar que a toponimia do centro e o leste da provincia de Lugo e do norte da de Ourense dá abundantes mostras dun resultado *Pacio* (< lat. PALATĪU) (cf. Rivas Quintas 1976) que tamén se usa como apelativo polo leste do dominio lingüístico galego ao lado de *cobicia* (< lat. CŪPIDITĪA), *forcia* (< lat. FŌRTĪA) ou *preguicia* (< lat. PĪGRĪTĪA) (cf. Fernández Rei 1990: 140). No fragmento do *Foro Real* vilafranquino temos un iode non etimolóxico transformado en núcleo vocálico⁹ no substantivo *praceo* (1ra, 1va) e nos seus derivados *apraceados* (1va) e *enpraceado* (1ra)¹⁰, que remiten a un PLACĪTU

que no galego medieval deu regularmente *prazo*, *plazo*, *praço* ou outras variantes sen [j] que se orixinaron debido a unha disimilación consonántica posterior á síncope da vogal postónica: *praz'do* > *prazo* (cf. Mariño Paz 2017: 220). Pois ben, é moi significativo que nun documento do mosteiro da Veiga de Espiñareda datado en 1294 se rexistre tamén un *prazio* (cf. Sánchez González de Herrero 2023: 510) que, unido ao *praceo* do *Foro Real*, quere dicir con certeza que tal resultado se daba na lingua oral destas terras bercianas entre finais do século XIII e principios do XIV.

2.1.2. Trazos galegos non compartidos polo leonés occidental

Para outras variábeis as variantes características do galego teñen hoxe unha extensión distinta da das catro anteriormente revisadas, pois as isoglosas que representan a súa distribución cruzan o mapa moito máis preto de Vilafranca e exclúen o leonés occidental. En efecto, os traballos de campo realizados na área de transición entre estes dous dominios lingüísticos na segunda metade do século XX mostraron que daquela, como probablemente centos de anos atrás, as variedades populares das terras de Vilafranca do Bierzo presentaban para polo menos seis importantes variábeis fonéticas as solucións propias do galego, case sempre distintas das que se daban nas variedades leonesas occidentais da zona (cf. Seco Orosa 2004; Marcet Rodríguez 2001). Refírome á ditongación ou non de Ē, AE e Ō tónicos latinos, ao tratamento recibido por /l/ e /n/ en posición intervocálica, con mantemento ou con síncope, aos cambios experimentados por /l:/ e /n:/ na mesma posición, con palatalización ou paso ás correspondentes breves /l/ e /n/ e, finalmente, á palatalización ou non do /l/ inicial de palabra. Neses traballos de investigación a Vilafranca de hoxe revélase como un territorio inequivocamente enclavado no dominio lingüístico galego, varios quilómetros ao oeste da divisoria entre os ríos Cúa e Sil. Pois ben, para catro dos devanditos seis trazos fonéticos

⁸ Tamén *toleyto* (1ra), formado analoxicamente sobre a base de participios como *eleito* (< lat. ELECTU) ou *colleito* (< lat. COLLECTU) (cf. Williams 1975: 190).

⁹ Vese a mesma mudanza de ditongo crecente para hiato en *auñenñeza* (1ra; lat. ADVENIĒNTĪA). Casos deste tipo coñécense non só no galego medieval en xeral (cf. Mariño Paz 2017: 282), senón tamén na documentación dos séculos XIII e XIV do mosteiro da Veiga de Espiñareda (cf. Sánchez González de Herrero 2023: 510-511, onde se citan *barreo* (1274), *práceo* (1280), *tercea* (1336), *concambea* (1395)...) .

¹⁰ Polo contrario, non se le esa semiconsoante nin en *forza* (1vb) nin en *uyzo* (1ra). Si a vemos, en cambio, no *forcia* dun documento do mosteiro da Veiga de Espiñareda datado en 1395 (cf. Sánchez González de Herrero 2023: 510).

a tradución do *Fuero Real* que aquí estudamos presenta inequivocamente, con carácter exclusivo ou con ampla maioría, as variantes galegas, que con toda a probabilidade serían tamén as propias de Vilafranca e o seu alfoz entre os séculos XIII e XIV.

Só se rexistran as variantes sen ditongación como resultados de Ê, AE e Õ tónicos latinos. Polo que atinxe á serie palatal temos *medo* (1vb), *quer* (1va, 1vb), *sabendas* (1rb), os futuros de subxuntivo *der* (1va), *fezer* (1ra), *ouuer* (1rb), *quisser* (1ra -4 v.-, 1rb -2 v.-, 1va) e, na P3 do presente de indicativo de *ser*, *he* (1rb -2 v.-) ou *e* (1rb -2 v.-) e non *ye*, *ie* ou outras variantes leonesas, aínda que si un *es* (1rb) presumibelmente tomado sen traducir do antígrafo. Igualmente, para Õ nunca se achan solucións con ditongación: *dono* (1ra -2 v.-, 1rb -2 v.-, 1va -2 v.-), *fora* (1ra), *forza* (1vb), *morte* (1vb), *morto* (1va), *oste* (1va), *possa* (1ra -4 v.-), *posa* (1rb, 1va), *posta* (1vb), *posto* (1vb), *resposta* (1va).

Polo que respecta ao tratamento do /l/ intervocálico nas voces patrimoniais, os datos que recolectei mostran un predominio claro da síncope galega¹¹, mais non sen excepcións que puideron deberse ben a momentáneas perdas de concentración no acto da tradución (coas seguintes copias automatizadas e irreflexivas do que se lía no antígrafo), ben a ocasionais adopcións das variantes propias de territorios situados poucos quilómetros ao leste de Vilafranca:

a. Con síncope

- i. Artigos: *a* (1ra -3 v.-, 1va -3 v.-, 1rb -3 v.-), *o* (1ra -4 v.-, 1rb -9 v.-, 1va -13 v.-, 1vb -9 v.-), *ao* (1ra -4 v.-, 1va), *do* (1rb, 1va), *da* (1ra -3 v.-, 1rb -2 v.-, 1va), *dos* (1va, 1vb).
- ii. Clíticos CD: *e onon quisser trager* (1rb), *fagao* (1ra -2 v.-, 1vb), *possao* (1ra), *queo feçeron* (1vb), *queo tenan* (1vb), *seo non fezer* (1ra, 1va).

b. Sen síncope

- i. Artigos: *dela uoz* (1va).
- ii. Clíticos CD: *se la non* (1ra, liña 3), *sela non* (1ra, liña 7), *ou lo non* (1ra, liña 7).

Tamén se mantén o /l/ intervocálico en dous nomes construídos mediante a adición do sufixo derivativo procedente do latino -BĪLIS, para o que en galego, en todo caso, predominaron entre os séculos XIII e XV os tratamentos non patrimoniais, é dicir, sen síncope da vogal postónica nin de /l/ (cf. Mariño Paz 2016: 136-142): *mouele* (1va), *semellaueles* (1vb). Trátase de resultados que contribúen tamén a conferirlle a este *Foro Real* un carácter predominantemente galego, pois -uel(e) e -ueles son variantes alleas aos textos medievais leoneses e casteláns.

Así mesmo, obsérvase no texto unha notoria maioría de rexistros en que se deu a síncope de /n/ intervocálico¹²: *alguus* (1vb), *de consúu* (1rb), *nenguus* (1vb), *nomeada mente* (1ra), *nomeados* (1rb), *pea* (1vb -4 v.-), *pensoarya* (1ra, 1va -3 v.-), *pensoeyro* (1ra -2 v.-, 1rb -5 v.-, 1va -7 v.-), *penssoeyro* (1ra), *perssoarya* (1ra), *pesoeyro* (1ra), *perteeçe* (1va), *poer* (1vb), *raçoe* (1rb), *testemuyo* (1rb), *teudo* (1va, 1vb), *uéer* ‘viñer’ (1ra -2 v.-, 1rb), *ueer* (1vb). Mesmo se detecta un cambio xa rexistrado no galego medieval consistente no desenvolvemento dunha consoante nasal na coda silábica da vogal situada en posición interior de palabra inmediatamente despois da consoante nasal latina que despois se perdeu: trátase en concreto de *maenfestar* (1rb), un resultado para MANĪFESTĀRE que tamén se rexistra nas fontes galegas ata o século XV (cf. Mariño Paz 2017: 257)¹³. Igualmente, contamos no texto con rexistros de palabras en que desde moi antigo o hiato con resonancia nasal resultante da asimilación nasalizante inducida polo /n/ intervocálico latino que logo se

¹¹ Esta síncope está lonxe de ser sistemática pero si se encontra tamén en documentos notariais escritos no século XIV no mosteiro da Veiga de Espiñareda, situado ao nordeste de Vilafranca (Sánchez González de Herrero 2023: 515-516).

¹² Este trazo tamén se detecta nun “apreciable número” de casos na documentación notarial producida nos séculos XIII e XIV no mosteiro da Veiga de Espiñareda (Sánchez González de Herrero 2023: 515-516).

¹³ Nada ten que ver con isto o caso das variantes *pensoeyro* (1ra, 1rb -2 v.-, 1va -5 v.-), *penssoeyro* (1ra) e *pensoarya* (1ra, 1va -2 v.-), que no texto alternan con formas con *per-* inicial. Canto a isto, creo que ten sentido a suxestión de Pensado 1974-1975: 118, para quen “el hecho es puramente gráfico debido a la confluencia de -NS- y -RS- en un mismo resultado -SS-, pronunciado -S- sorda, que al tratar de transcribirlo no tiene el amanuense clara idea de su ortografía, por lo que duda entre -RS- (*perssoeyro*) y -NS- (*pensoeyro*)”.

perdeu desenvolveu xeneralizadamente unha consoante nasal posnuclear en posición final de palabra: *algū* (con trazo xeral abreviativo) (1ra, 1rb, 1va -2 v.-, 1vb;), *algum* (1ra -2 v.-), *hū* (con trazo xeral abreviativo) (1rb -3 v.-, 1vb), *hum* (1rb), *Neum* (1ra). Respecto disto, é necesario considerar que estes rexistros do *Foro Real* están en liña cos das fontes galegas do século XIII e posteriores, nas que *algū* (con trazo xeral abreviativo), *algum* ou *algun*, *hū*, *um* ou *un* e *neū*, *neun* ou *neum* abundan ao lado de *algūu*, *hūu* e *neūu*.

Aparentemente, non hai síncope de /n/ intervocálico nos seguintes casos: *alguna* (1ra -2 v.-, 1rb, 1va), *nēguna* (1ra), *nēguno* (1ra), *pena* (1ra; tamén se rexistra *pea*, 1rb -4 v.-), *personeyro* (1rb -2 v.-). Ora ben, cómpre lembrar que no século XIII tardou en xeneralizarse nos dominios galego e portugués a práctica de omitir na escritura a representación destas consoantes nasais que se perderan antigamente na lingua oral e que é posíbel que en tales casos e textos <n> representase unha simple resonancia nasal e non unha consoante nasal plena¹⁴. Con todo, *auēnencea* (1ra), dada a combinación de trazo abreviativo e <n> que mostra, podería talvez representar unha variante con mantemento da consoante nasal intervocálica e non o galego *auēença* ou *auença*.

Non me podo manifestar con toda a seguranza a propósito do tratamento que o texto reflicte para o resultado das consoantes latinas /l:/ e /n:/, se ben para o da segunda contamos cun rexistro que nos permite falar con máis fundamento que para o da primeira. Para esta o que este *Foro Real* achega son solucións en que se usa con constancia o signo gráfico <ll>: *aquella* (1ra -2 v.-), *aquello* (1rb, 1va), *áaquellos* (1vb), *daquellos* (1rb), *ello* (1ra). Ora ben, o certo é que nas súas liñas vemos tanto casos de presenza segura de /k/ ou de /l/ en que cada un destes dous fonemas se representa nunhas ocasións con <ll> e noutras con <l> como un adxectivo e dous verbos con /k/ que unhas veces se escriben con <ll> e outras con <l>:

- i. Casos seguros con /k/: escribiuse con <ll> en *fillo* (1vb), *llo* (1ra, 1va), *semellaueles* (1vb), *toller* (1ra), *tolla* (1va), *ualla* (1ra, 1va -2 v.-); e con <l> en *melorar* (1rb), *semelaueles* (1vb), *toleyto* (1ra), *uala* (1va -2 v.-, 1vb).
- ii. Casos seguros con /l/: escribiuse con <l> en *la* ‘clítico CD leonés e castelán’ (1ra -2 v.-), *lo* ‘clítico CD leonés e castelán’ (1ra), *leyxe* (1va), *mouele* (1va), *alcail* ‘alcalde’ (1vb)...; e con <ll> en *allcail* ‘alcalde, xuíz’ (1ra, 1va), *Titullo* (1vb), *ualler* (1vb).
- iii. Usos alternantes: *semellaueles* (1vb) e *semelaueles* (1vb); *toller* (1ra), *tolla* (1va) e *toleyto* (1ra); *ualla* (1ra, 1va -2 v.-) e *uala* (1va -2 v.-, 1vb).

Batemos co mesmo problema no tocante ás solucións que no texto se dan para o /l/ en posición inicial de palabra, pois de par de *llee* (1ra), que podería representar a variante leonesa, lemos tamén *lee* (1rb) e *léé* (1va -2 v.-).

Canto ao tratamento de /n:/, xa primario, xa constituído como consecuencia dunha asimilación, o que o texto presenta son resultados en que sempre se usou <n> como representación gráfica: *ano* (1vb), *dano* (1rb), *dono* (1ra -2 v.-, 1rb -2 v.-, 1va -2 v.-) e *engano* (1rb). Cómpre reparar en que este mesmo signo representa inequivocamente a consoante nasal palatal en *tena* ‘teña’ (1rb) e mais en *tenan* ‘teñan’ (1vb), mais, así e todo, é evidente que o substantivo *dono*, escrito con <n> pero sen ditongación, debe ser lido con /n/ e non con /ɲ/, o que torna probábel que debamos facer o mesmo cos outros tres casos. A isoglosa que representaba a distribución territorial das variantes desta variábel a finais do século XX percorría máis ao leste ca as dos catro fenómenos anteriormente mencionados, de tal forma que resultados con consoante nasal alveolar como *ano* ou *anu* eran propios non só do dominio galego, senón tamén dalgunhas variedades do que Seco Orosa (2004: 423, 431) consideraba “leonés de transición” e Borrego Nieto (1996: 145) “zona 1” do territorio lingüisticamente leonés.

¹⁴ Segundo Souto Cabo 2022: 11, 16, a habilitación do trazo abreviativo xeral como marca para identificar as vogais nasais nas tradicións escriturais galega e portuguesa só se consolidou no último terzo do século XIII. Anteriormente, nos casos en que houbera síncope de /n/ intervocálico e consecuente formación de hiato o normal fora conservar na escrita o <n> (BÖNUM > *bono*), que eventualmente podería interpretarse como indicador de resonancia nasal, ou ben prescindir del sen habilitar ningunha marca para a nasalidade vocálica, mais usando con frecuencia plicas se se daba a concatenación de grafemas vocálicos xeminados (*boo*, *bóo*). As plicas empregábanse tamén cando aparecían consecutivamente dous casos de <u>, un con valor vocálico e outro con valor consonántico (*Gunçalúu*).

Hai aínda outra variábel, xeralmente desatendida nos traballos sobre esta franxa de transición lingüística que anteriormente mencionei, en que cabe supoñer que o responsábel do *Foro Real* de Vilafranca se mantivo fiel ás variantes propias da variedade local do romance. Refírome á variábel dos resultados do grupo [wa-] xermánico en posición inicial de palabra, que para o verbo *WARDŌN* coñece nos nosos días unha maioritaria solución *guardar* no galego oriental, mais con uso de *gardar* no concello de Corullón, veciño do de Vilafranca, ao paso que para o substantivo **WAITHANIA* revela o emprego exclusivo de *gadaña* no galego da provincia leonesa e só tres puntos con rexistro de *guadaña* no resto do bloque oriental (cf. ALGa 3, mapas 158 e 159). Pois ben, as que no noso texto se len son, precisamente, as variantes *gardado* (1vb) e *gardar* (1vb -2 v.-) que modernamente se recolleron en Corullón, mentres que para voces provenientes de étimos latinos que tiñan en posición inicial o grupo [kwa-] as que se adoptaron foron as variantes con mantemento da semiconsoante velar (*q<u>anto*¹⁵ (1ra, 1va) e *Qual quer* (1vb)), que significativamente son tamén as que o ALGa 2 (mapas 370 e 263) localiza hoxe na zona de lingua galega da provincia de León.

2.1.3. Conclusión

Podemos dicir, por tanto, que para nove das once¹⁶ variábeis fonéticas ata aquí analizadas nos apartados 2.1.1 e 2.1.2 o fragmento do *Foro Real* que nos ocupa presenta inequivocamente, con exclusividade ou de forma maioritaria, as variantes propias das terras de Vilafranca do Bierzo, o que invita a pensar que o seu responsábel manexaba unha *scripta* esencialmente fiel á variedade local do galego, mais aberta a unha minoritaria incorporación de variantes propias de comarcas situadas máis ao leste ou de castelanismos que puido tirar directamente do antígrafo traducido.

2.2. As palabras gramaticais

Como pezas constitutivas da estrutura gramatical dunha lingua ou dunha variedade grupal ou

persoal dunha lingua, as palabras gramaticais sen moito máis reacias ca as lexicais ás interferencias, de tal modo que só nos casos de forte exposición ao contacto dun idioma con outro se adoitan dar transferencias de palabras gramaticais entre ambos. Por este motivo, unha revisión das tendencias observábeis neste campo servirá, sen dúbida, para nos aproximar á cuestión de cal é a variedade diatópica romance que se encontra máis próxima da *scripta* que revela o fragmento do *Foro Real* traducido nas terras de Vilafranca do Bierzo que aquí é obxecto da nosa atención. Dito doutro xeito, esta análise servirá para determinar cal era o sistema lingüístico en que estaba profesionalmente instalado o *scriptor* desta tradución e cales as unidades alleas que se puideron incorporar a el quer por seren tomadas do antígrafo co que esa persoa traballou, quer por se tratar de variantes utilizadas en variedades diatópicas próximas da propia dela. Vexamos.

Os artigos determinados que se usan maioritariamente, sós ou agrupados coas preposicións *a* ou *de*, son os do galego: *a* (1ra -3 v.-, 1va -3 v.-, 1rb -3 v.-), *o* (1ra -4 v.-, 1rb -9 v.-, 1va -13 v.-, 1vb -9 v.-), *ao* (1ra -4 v.-, 1va), *do* (1rb, 1va), *da* (1ra -3 v.-, 1rb -2 v.-, 1va), *dos* (1va, 1vb). Galegas ou leonesas son as formas que resultan da súa combinación coa preposición *en*: *en na* (1rb, 1va -2 v.-), *eno* (1vb), *na* (1ra, 1va). Só en tres casos detectei solucións que poden ser leonesas ou castelás, pero non galegas: “o dono *dela* uoz” (1va), “*del* alzar” (1ra) e “con *el* contendedor” (1va).

Os clíticos de terceira persoa que desempeñan a función de complemento directo tamén son case sempre galegos: “e *onon* quisser trager” (1rb), “*fagao*” (1ra -2 v.-, 1vb), “*pos-sao* fazer” (1ra), “*queo* feçeron” (1vb), “*queo* tenan” (1vb), “*seo* non fezer” (1ra, 1va). Con todo, non faltan algúns de feitura leonesa ou castelá: “se *la* non quisser segir” (1ra, liñas 3, 7), “ou *lo* non fezer assaber” (1ra, liña 7).

Non me podo pronunciar sobre o pronome persoal neutro termo de preposición que vemos en “por *ello*” (1ra), xa que, como antes indiquei, neste texto a grafía <ll> tanto pode

¹⁵ No manuscrito lese *q^uanto* (1ra, 1va), cun <a> en formato de superíndice que esixe postular que se trata da abreviatura de <ua>.

¹⁶ Polas razóns que acabo de expoñer, exclúo aquí os casos dos resultados de /l:/ e de /l/ en posición inicial de palabra.

¹⁷ Existen rexistros desta forma nas fontes galegas medievais, nas que prototipicamente funciona como termo dunha preposición (cf. Álvarez 2003-2006). Por tanto, de se poder confirmar como galego, este uso do *Foro Real* vilafranquino estaría en liña cos que hoxe en día xa lle coñecemos a este pronome no galego daquel tempo.

representar /l/, o que neste caso significaría que estaríamos ante un resultado galego *elo*¹⁷, coma o fonema palatal /k/, que sería o propio da solución leonesa ou castelá. Polo mesmo motivo, nada seguro podo dicir sobre os demostrativos *aquella* (1ra -2 v.-), *aquello* (1rb, 1va), *áaquellos* (1vb) e *daquellos* (1rb), se ben a preponderancia das solucións galegas no ámbito das palabras patrimoniais me inclina a considerar que o máis probábel é que se trate de representacións con <ll> das formas galegas con /l/. De ser atinada esta miña presunción, non deberíamos esquecer que na actualidade o plural etimolóxico *aquelos*, e non o común *aqueles*, ten uso en falas do norte do galego oriental (cf. Fernández Rei 1990: 73, 141-144), nin tampouco que o ALGa2 (mapa 232) o sitúa nos concellos leoneses de Candín e Benuza, no norte e no sur do territorio leonés de lingua galega.

Merecen especial atención os posesivos masculinos de terceira persoa *sou* (1ra -2 v.-, 1rb -4 v.-, 1 va, 1vb -2 v.-), *sous* (1va) e *seu* (1va, 1vb). Esta preponderancia de *sou(s)* sobre *seu* neste texto acha correspondencia no século XIII co que se observa respecto disto na documentación coetánea do mosteiro da Veiga de Espiñareda (cf. Giménez Eguíbar / Sánchez González de Herrero 2022: 136) e, na actualidade, non só co que é propio do leonés occidental da zona (cf. Borrego Nieto 1996: 146), senón tamén cos usos que a moderna dialectoloxía descubriu no centro e no norte do bloque oriental galego (cf. Fernández Rei 1990: 73-74, 141-144). Concretamente, o ALGa 2 (mapa 240) mostra que no noso tempo se emprega *sou* en Candín e Benuza, onde xa sinalamos *aquelos*, mentres que *seu* se utiliza en Vilafranca, Corullón e Carucedo. Pola súa parte, *sua* (1rb -2 v.-) é forma tanto galega coma leonesa¹⁸.

As formas dos indefinidos son, case todas, ou exclusivamente galegas ou ben galegas e leonesas, mais, en todo caso, case sempre as esperábeis no galego das terras de Vilafranca, tanto hoxe coma probabelmente nos séculos

XIII e XIV. Unicamente galegas son *alguus* (1vb), *Neum* (1ra), *nenguus* (1vb) e *Quen* *q̄r*¹⁹ (1rb); galegas e leonesas occidentais, *muytos* (1rb -2v), *outro* (1ra -5 v.-, 1rb, 1va, 1vb -4 v.-), *outra* (1rb, 1vb -2 v.-), *outros* (1vb), *outras* (1vb) e *Outrossy* (1ra, 1va); galegas e leonesas en xeral, *algū* (con trazo xeral abreviativo)²⁰ (1ra, 1rb, 1va -2 v.-, 1vb), *algun* (1ra -2 v.-), *alguna*²¹ (1ra -2 v.-, 1rb, 1va), e *nēguna* (1ra). Pola súa parte, *nēguno* (1ra) é unha variante moi rara nas fontes galegas medievais (cf. TMILG), mais non nas asturianas e leonesas (cf. García Arias 2018-21: s.v.), ao paso que *mijisma* (1ra), rara no galego medieval (cf. TMILG, DDGM), aparece con máis abundancia nas asturianas e leonesas (cf. García Arias 2018-21: s.v. *mesmu*) e, obviamente, de forma regular nas castelás xa desde o século XIII (cf. CDH).

Finalmente, é galega e non leonesa nin castelá a conxunción disxuntiva *quer* (1ra -3 v.-, 1rb -2 v.-, 1va -2 v.-, 1vb -4 v.-), pois non presenta ditongación da vogal tónica. Galega e leonesa occidental, por manter o seu ditongo decrecente, é a conxunción disxuntiva *ou* (1ra -3 v.-, 1rb -6 v.-, 1va -2 v.-, 1vb -8 v.-). Da preposición *ata* (1 va), frecuentísima no galego medieval e hoxe propia do estándar, ofrece García Arias (2018-21: sv. *fasta*) rexistros en textos asturianos e leoneses ata 1471. E a respecto das preposicións *segundo* (1va) e *sem* (1vb) e da conxunción adversativa *mays* (1rb), tamén correntes no galego medieval, cómpre apuntar que García Arias (2018-21: sv. *mas* e *más*, *según* e *sin*) presenta *mais* ou *maes*, *segondo* e *segund* e *sen* como resultados ásturleoneses antigos e/ou modernos.

En conxunto, pois, salta á vista que a gran maioría das palabras gramaticais deste fragmento do *Foro Real* son galegas ou ben galegas e leonesas occidentais, é dicir, deseñan un sistema gramatical que en esencia se debía de corresponder co da variedade local do romance galego falada en Vilafranca do Bierzo e o seu alfoz entre o século XIII e o XIV. Con todo, tampouco aquí falta a ocasional adopción de formas características de terras máis orientais.

¹⁸ Nos textos leoneses medievais a norma é o uso de *súa* como feminino e de *so* (ou do leonés occidental *sou*) como masculino (cf. Morala 2021: 36, 43).

¹⁹ A vogal tónica de *quer* está abreviada (*q̄r*), mais o uso explícito de <e> no *Quen* anterior permite supoñer que o trazo abreviativo vale tamén <e> no segundo segmento deste indefinido.

²⁰ Xunto aos do máis conservador *algūu*, os rexistros de *algū*, *algun* ou *algun* xa son abundantes nas fontes galegas do século XIII (cf. Mariño Paz 2017: 263-264).

²¹ Lémbrese que, como dixemos anteriormente, en formas deste estilo é posíbel que o signo gráfico <n> indicase resonancia nasal.

2.3. Morfoloxía flexiva: lexemas e desinencias verbais

Os lexemas e desinencias verbais que permiten facer unha identificación segura da variedade do romance en que está basicamente redactado o fragmento do *Foro Real* que aquí estudamos son os que expoño deseguido:

a. Conxugación regular

- i. P3 do pretérito de indicativo: *entrou* (1va -2 v.-), *mereceu* (1va), *prometeu* (1vb), *perdeu* (1va).
- ii. P3 do pretérito de subxuntivo: *morese* (1va -2 v.-), *perdesse* (1va).
- iii. Participios da CII: *teudo* (1va, 1vb).
- iv. Adscrición á CII: *morer* (1va -2 v.-).

b. Conxugación irregular

- i. AVER. Presente de subxuntivo ou imperativo: *aya* (1ra), *ayam* (1va). Pretérito de subxuntivo: *ouuesse* (1ra). Futuro de subxuntivo: *ouuer* (1rb), *ouuer* (1rb -2 v.-).
- ii. DAR. Pretérito de indicativo: *deu* (1ra, 1va). Presente de subxuntivo ou imperativo: *de* (1ra, 1rb -3 v.-), *dian* (1rb). Futuro de subxuntivo: *der* (1va).
- iii. FAZER. Pretérito de indicativo: *fezo* (1va, 1vb), *feçeron* (1vb). Presente de subxuntivo ou imperativo: *faga* (1ra -3 v.-, 1va, 1vb -3 v.-). Futuro de subxuntivo: *fezer* (1ra).
- iv. IR. Presente de subxuntivo ou imperativo: *uáa* (1ra). Futuro de subxuntivo: *for* (1va).
- v. PODER. Presente de subxuntivo ou imperativo: *possa* (1ra -4 v.-), *posa* (1rb, 1va).
- vi. PÖER. Infinitivo: *poer* (1vb).
- vii. QUERER. Presente de indicativo: *quer* (1rb), *queren* (1rb). Futuro de subxuntivo: *quisser* (1ra -4 v.-, 1rb -2 v.-, 1va).

- viii. SEER. Presente de indicativo (P3): *es* (1rb), *he* (1rb -2 v.-), *e* (1rb -2 v.-). Pretérito de indicativo: *foy* (1va, 1vb -2 v.-). Presente de subxuntivo ou imperativo: *seya* (1ra, 1rb, 1va, 1vb -6 v.-). Futuro de subxuntivo: *for* (1ra -2 v.-, 1rb, 1va, 1vb -3 v.-).
- ix. TEER. Presente de subxuntivo ou imperativo: *tena* (1rb), *tenan* (1vb).
- x. TRAGER. Infinitivo: *trager* (1rb, 1va).
- xi. VALER. Presente de subxuntivo ou imperativo: *ualla* (1ra, 1va -2 v.-), *uala* (1va -2 v.-, 1vb).
- xii. VEER. Futuro de subxuntivo: *uir* (1rb).
- xiii. VIIR. Futuro de subxuntivo: *uээр* ‘viñer’ (1ra -2 v.-, 1rb), *ueer* (1vb).

Salta á vista que a gran maioría destes lexemas e desinencias verbais é propia do romance galego medieval ou, en certos casos, do galego e do leonés occidental, e mesmo podemos agregar que a forma *dian* é hoxe, segundo o ALGa1 (mapa 230) e Fernández Rei (1990: 93), propia de case todo o galego que se fala fóra da Comunidade Autónoma de Galicia. Concretamente, o ALGa 1 (mapa 230) sinala a subvariante *die*, *-es*, *-e*, *-en* como a rexistrada no terzo final do século XX no concello de Vilafranca do Bierzo. É, pois, plausíbel que *dian* fose unha variante de uso habitual no romance falado nesas terras bercianas cando se fixo a tradución do *Foro Real* que aquí analizo²².

No galego medieval rexístranse, mais moi minoritariamente, os presentes de subxuntivo *aya* (1ra) e *ayam* (1va), de *aver*, e *seya* (1ra, 1rb, 1va, 1vb -6 v.-), de *seer*. As formas máis frecuentes neste cronolecto do galego para estes tempos verbais son, como ben se sabe, *aja* e *seja* (cf. TMILG). No entanto, neste fragmento do *Foro Real* son *aya* e *seya* as únicas variantes que se empregaron, variantes que, curiosamente, foron tamén moi utilizadas na única tradución portuguesa do texto afonsino hoxe coñecida (cf. Ferreira 1987: II, 43-44, 267), que parece ser copia dunha tradución orixinal de 1267 realizada entre 1273 e 1282 (cf. Pichel

²² Na documentación producida no mosteiro de Carrizo entre os séculos X e XIII que estudou, Egidio Fernández 1996: 348 detectou *sea* e *seya* como as variantes máis utilizadas para o presente de subxuntivo de *ser*, mais tamén, xunto a outras solucións minoritarias, un caso de *sia* (sen data) e outro de *sian* (ano 1251). *Dia* é o resultado da disimilación vocálica que operou sobre a vogal tónica de *dea*, forma con adición analóxica dun sufixo modo-temporal *a* da que hai rexistros no galego medieval.

et alii 2020: 196). Talvez en ambos os textos, o portugués e o berciano, se respectase con estas formas o uso gráfico de <y> que podía estar presente no antígrafo castelán empregado en cada caso, mais tamén é posíbel, polo menos para o fragmento berciano, que esteamos ante a espontánea inclusión de dúas variantes que se localizan con abundancia no leonés medieval (cf. Egido Fernández 1996: 348, 368-369).

A única forma verbal que non podemos considerar nin galega nin leonesa occidental é *es* (1rb), P3 do presente de indicativo de *seer*. Noutras ocasións a que se usou no texto foi a galega *he* (1rb -2 v.-) ou *e* (1rb -2 v.-), mais nunca a leonesa *ye* ou *ya*, con ditongación (cf. Morala Rodríguez / Egido Fernández 2019: 513).

De todas as restantes formas verbais con-signadas anteriormente temos que dicir que se pode presumir que eran variantes vivas no galego oral das terras de Vilafranca do Bierzo entre os séculos XIII e XIV, polo que o responsábel da tradución do *Foro Real* en que se encontran debeu de limitarse a tomalas do uso lingüístico en que estaría instalado. Algunhas de tales formas tamén se utilizarían no contiguo dominio leonés²³.

2.4. Morfoloxía derivativa

O sufixo nominal proveniente do latino -*ĀRIŪ* preséntase sempre coa forma -*eyro* nas distintas ocasións en que se usa no texto: *herdeyros* (1va), *pensoeyro* (1ra -2 v.-, 1rb -5 v.-, 1va -7 v.-), *penssoeyro* (1ra), *pesoeyro* (1ra), *personeyro* (1rb -2 v.-). Dado que este sufixo contén o ditongo decrecente /ei/, é obvio que, como vimos anteriormente, esta variante era nos séculos XIII e XIV, coma hoxe, non só a propia do galego da Vilafranca do séculos XIII e XIV, senón tamén, probabelmente, a do territorio de fala leonesa que se estendía ata o río Órbigo.

A man responsábel da escritura deste fragmento do *Foro Real* foi constante na selección da variante -*aría*, e non -*ería*, para o sufixo nominal resultante da fusión do latino vulgar -*ĀRIĀ* co grego -*IA*: *pensoarya* (1ra -2 v.-, 1va -4 v.-), *romarya* (1va). Esta solución -*aría* é a que predomina, con moita diferenza respecto de -*ería*, nas fontes do galego medieval (cf. López Viñas 2015: 101-108; Ferreiro 1997:

120-122). Polo contrario, nas asturianas e leonesas dos séculos XIII e XIV a que máis se utiliza é -*ería* cando os textos están escritos en romance e non en latín, con aparicións moito menos frecuentes de -*aría*. Isto é o que se observa no *Diccionariu etimolóxico de la llingua asturiana* nos artigos sobre voces como *alberguería*, *alfayatería*, *bandería*, *caballería*, *carnicería*, *cofradería*, *enfermería*, *romería* ou *xudería* (cf. García Arias 2018-21: s.v.). Significativamente, no século XIV a variante -*aría* aparece con certa frecuencia en documentos elaborados no mosteiro da Veiga de Espiñareda en voces como *albergaria* (1336), *confradaria* (1348) ou *rromaria* (1375) (cf. *Ibid.*: s.v. *alberguería*, *cofradería* e *romería*).

É moi digno de atención o feito de que para o sufixo nominal proveniente do latino -*BĪLIS* só se rexistre neste fragmento do *Foro Real* o resultado -*uel*, co plural -*ueles*: *mouele* (1va), *semelauele* (1vb), *semellaueles* (1vb). Trátase das solucións que dominan con moita diferenza nas fontes galegas ata arredor de 1450 (cf. Mariño Paz 2016: 136-142), mentres que nas asturianas e leonesas da Idade Media se descoñecen, como invita a pensar a información que sobre as voces *amigable*²⁴, *convenible*, *estable*, *fincable*, *mueble*, *perdurable*, *razonable*, *revocable*, *semeable* ou *venerable* achega García Arias (2018-21: s.v.). Dado que se trata dun sufixo que entrou por vía culta ou semiculta e, por tanto, presumibelmente sen distribución diatópica de variantes no dominio galego durante a Idade Media, son da opinión de que esta escolla revela que o escritorio de Vilafranca do Bierzo que produciu este texto debía de ter contactos con outros escritorios galegos do XIII e o XIV en que o emprego de -*uel* era habitual, e particularmente cos máis próximos da Galicia oriental, entre os que estaban os das catedrais de Mondoñedo ou Lugo ou os dos mosteiros de Samos, Sobrado de Trives, Ferreira de Pantón ou Ribas de Sil.

Por tanto, no ámbito da morfoloxía derivativa este fragmento do *Foro Real* revélase como un texto netamente galego, pois no caso de dúas variábeis con variación diatópica selecciona de forma sistemática as variantes propias do galego común e do galego de Vilafranca e para o sufixo -*uel* opta, tamén sen excepcións,

²³ Para a morfoloxía flexiva do verbo galego medieval cf. Ferreiro 1995: 274-347; para a do leonés cf. Egido Fernández 1996.

²⁴ García Arias 2018-21: s.v. dá noticia dun rexistro de *amigaule* nun documento da Veiga de Espiñareda datado en 1294.

polas variantes de singular e plural que se empregaron regularmente no galego escrito ata aproximadamente 1450.

3. Conclusión

Creo que o exame que ata aquí realicei mostra que a lingua de chegada desta tradución é con certeza o galego, que predomina con diferenza no ámbito das variantes observábeis para nove reveladoras variábeis fonéticas, no ámbito das palabras gramaticais, no da morfoloxía verbal regular e irregular e no da morfoloxía derivativa (-*arya*, -*eyro*, -*uel* / -*ueles*). Ademais, algúns trazos permiten precisar que a variedade de chegada é concretamente o galego oriental das terras de Vilafranca do Bierzo, é dicir, o da bisbarra en que o traslado se fixo, á que se poden adscribir o uso de *aquelos* como demostrativo masculino plural, o de *dian* no presente de subxuntivo do verbo *dar*, o de *muytos* e non *moytos* como indefinido e o de *sou* e *seu* como posesivos masculinos de terceira persoa. Con todo, hai tamén unha minoritaria compoñente leonesa ou castelá que, consonte Pensado (1974-75: 114), pódese deber a servidume respecto do antígrafo traducido ou a hábitos lingüísticos do tradutor, que, como cabe presumir, debía de residir nunha comarca lingüisticamente fronteiriza en que en poucos quilómetros en dirección leste se producía e produce a transición desde o dominio propio das variantes galegas ata o dominio das variantes leonesas para variábeis como a ditongación de *Ē* e *Ō* latinos en posición tónica, o mantemento ou a monotongación dos ditongos decrecentes /*ei*/ e /*ou*/ ou a síncope ou o mantemento de /*l*/ e /*n*/ intervocálicos. Habitantes dunha bisbarra así configurada, os individuos que entre os séculos XIII e XIV traballaban nos seus escritorios debían de estar afeitos a manexar modelos de escritura con fácil apertura á variación, rexidos por normas flexíbeis en que as que os lingüistas modernos catalogamos como mesturas dialectais, lonxe de repugnar, resultarían naturais. O mesmo poderíamos afirmar dos autores doutros textos “galego-leoneses” ben coñecidos, aos que nos últimos anos viñeron sumarse os do mosteiro da Veiga de Espiñareda (cf. Giménez Eguibar / Sánchez González de Herrero 2019, 2022; Sánchez González de Herrero 2023).

Impulsada polo incremento da actividade económica xerada polo auxo das peregrinacións a Compostela, Vilafranca do Bierzo expandiuse notabelmente durante os séculos XII e XIII ata converterse no principal espazo urbano da comarca. Segundo Durany Castrillo

(1989: 41-42), data de 1120 a máis antiga documentación do topónimo *Villa Franca* para denominar unha poboación que ata entón se coñecía como *Burbia*, é dicir, co mesmo nome que ten o río que a baña. Esta nova denominación debe relacionarse co asentamento nela dun grupo de poboadores ultrapirenaicos nas primeiras décadas do século XII, ou quizais un pouco antes. Coma en tantas outras cidades que prosperaron ao longo do Camiño Francés, este grupo foráneo medrou e chegou a revestirse de moita relevancia na administración e na vida local (cf. *Ibid.*: 45-46).

En 1110 a raíña Urraca doou á orde de Cluny un mosteiro situado nesta poboación berciana que se dotou dunha hospedería destinada a atender os peregrinos franceses que se dirixían a Santiago. En 1160 decidiuse ampliar esta abadía cluniacense de Santa María de Cruñego. A importancia que rapidamente cobrou a poboación naquel tempo foi recoñecida o 1 de febreiro de 1192 polo foro que entón lle concedeu Afonso IX de Galicia e León, en que Vilafranca foi declarada vila de señorío reguengo, co seu meiriño, cos seus alcaldes e co concello como órgano de goberno (González 1944: II, 78-81; Rodríguez Fernández 1977; Durany Castrillo 1989: 47-49, 150-155). A prosperidade caracterizou en xeral a súa vida durante o século XIII e as primeiras décadas do XIV e, superada a crise causada pola peste e a guerra civil entre Pedro I e Henrique de Trastámara, na primeira metade do XV experimentou unha recuperación. En 1445 a vila pasou ao dominio do conde de Lemos e en 1486 ao marquesado de Vilafranca do Bierzo, creado polos Reis Católicos.

Por tanto, é moi verosímil que entre finais do XIII e principios do XIV Vilafranca fose unha poboación importante cun nivel de actividade burocrática e xudicial que puidese facer necesaria nalgún escritorio unha copia do *Foro Real*. A sensación de verosimilitude tórnase certa cando consideramos que hoxe coñecemos o foro desta vila non a través do seu orixinal latino de 1192, senón por medio dunha copia traducida ao romance local en tempo do rei Afonso X (cf. Rodríguez Fernández 1977: 359-360), o que pon en evidencia que naquela altura, durante a segunda metade do século XIII, concorían en Vilafranca do Bierzo os medios humanos e materiais necesarios para facer un traslado do *Foro Real* á variedade do romance propia da comarca en que a ocasional adopción de variantes propias de terras un pouco máis orientais non só non se evitaría, senón que mesmo resultaría natural.

4. Referencias bibliográficas

- ALGa 1: Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 1: *Morfoloxía verbal*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa 2: Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 2: *Morfoloxía non verbal*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa 3: Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 3: *Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Álvarez, Rosario (2003-2006): “O neutro pronominal: esplendor e decadencia de *elo* en galego”, *Revista Portuguesa de Filologia* 25/1 (*Miscelânea de estudos in memoriam José G. Herculanio de Carvalho*), pp. 1-36.
- BITAGAP: Arthur L.-F. Askins (dir.) (1997-): *Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses*. Berkeley: University of California, The Bancroft Library, https://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap_ga.html [consulta: 12/05/2023].
- Borrego Nieto, Julio (1996): “Leonés”, en Manuel Alvar (ed.): *Manual de dialectología hispánica. El español de España*. Barcelona: Ariel, pp. 139-158.
- Cano González, Ana María (1998): “L’asturianu n’El Bierzo. A propósito del ALBP”, *Lletres Asturianas* 69, pp. 7-25, <https://digibuo.uniovi.es/dspace/handle/10651/24180>.
- CDH: Real Academia Española: (2013): *Corpus del Diccionario histórico de la lengua española (CDH)*, <https://apps.rae.es/CNDHE> [consulta: xullo-decembro de 2022].
- DDGM: Ernesto González Seoane (coord) (2006-2012): *Dicionario de dicionarios do galego medieval. Corpus lexicográfico medieval da lingua galega*. Seminario de Lingüística Informática - Grupo TALG / Instituto da Lingua Galega, <http://sli.uvigo.es/DDGM/> [consulta: xullo-decembro de 2022].
- Durany Castrillo, Mercedes (1989): *La región del Bierzo en los siglos centrales de la Edad Media (1070-1250)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela / Universidad de León.
- Durany Castrillo, Mercedes e María del Carmen Rodríguez González (1996): “El paisaje urbano de Villafranca del Bierzo en la Edad Media”, en A. Rodríguez Casal (coord.), *Humanitas. Estudios en homenaje ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, pp. 475-493.
- Egido Fernández, María Cristina (1996): *El sistema verbal en el romance medieval leonés*. León: Universidad de León.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- (2002): “O galego do Bierzo e a súa situación actual”, *Boletín da Real Academia Galega* 363, pp. 327-353.
- Ferreira, José de Azevedo (1987): *Afonso X. Foro Real*, 2 vols. Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Ferreiro, Manuel (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- (1997): *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- García Arias, Xosé Lluís (1988): *Contribución a la gramática histórica de la lengua asturiana y a la caracterización etimológica de su léxico*. Oviedo: Biblioteca de Filoloxía Asturiana.
- (2018-21): *Diccionariu Etimolóxicu de la Llingua Asturiana (DELLA)*, 7 tomos [tomu I (A-B), 2018; tomu II (C-D), 2018; tomu III (E-F), 2019; tomu IV (G-Ñ), 2021; tomu V (O-R), 2021; tomu VI (S-Z), 2021; tomu VII (Apéndice: Bibliografía, abreviatures, índices), 2021]. [Uviéu]: Universidá d’Uviéu / Academia de la Llingua Asturiana.
- Giménez Eguibar, Patricia e María Nieves Sánchez González de Herrero (2019): “Rasgos de continuidad del gallego en documentos del monasterio de San Andrés de Espinareda (León) en el siglo XIII”, *Estudos de Lingüística Galega* 11, pp. 305-337. DOI: <https://doi.org/10.15304/elg.11.5776>.
- (2022): “Variación y uso de los diptongos en la documentación medieval del monasterio de San Andrés de Vega de Espinareda (León) (siglo XIII)”, *Dialectología* 28, pp. 119-142, <https://raco.cat/index.php/Dialectologia/article/view/396284/489741> [consulta: 12/05/2023].
- González, Julio (1944): *Alfonso IX*, 2 vols. Madrid: Instituto Jerónimo Zurita.
- López Viñas, Xoán (2015): *Dicionario de afixos e voces afixadas do galego medieval* (Monografía 8 da *Revista Galega de Filoloxía*). A Coruña: Universidade da Coruña, https://illa.udc.es/rgf/pdf/mon_8.pdf [consulta: 12/05/2023].

- Marcet Rodríguez, Vicente José (2001): “La frontera lingüística de El Bierzo”, en J. A. Bartol Hernández *et alii* (eds.), *Nuevas aportaciones al estudio de la lengua española: investigaciones filológicas*. Salamanca: Luso Española de Ediciones, pp. 265-275.
- (2007): *El sistema consonántico del leonés: peculiaridades fonéticas y usos gráficos en la documentación notarial del siglo XIII*. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Mariño Paz, Ramón (2016): “Cambios desde abaixo e cambios desde arriba no galego do século XV”, en R. Mariño Paz e X. Varela Barreiro (eds.), *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 121-145, <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4288> [consulta: 12/05/2023].
- (2017): *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Morala, José Ramón (2004): “Del leonés al castellano”, en R. Cano (coord.), *Historia de la lengua española*. Barcelona: Ariel, pp. 555-569.
- (2021): “La lengua leonesa en la documentación medieval”, en J. R. Morala, R. González-Quevedo e N. Bartolomé, *La lengua leonesa: literatura y textos*. León: Cátedra de Estudios Leoneses, Universidad de León, pp. 9-97.
- Morala Rodríguez, José Ramón e María Cristina Egidio Fernández (2019): “El leonés”, en E. Ridruejo (ed.), *Manual de lingüística española*. Berlín / Boston: Walter de Gruyter, pp. 506-531.
- Pensado, José Luis (1974-1975): “Tres fragmentos jurídicos galaicoportugueses”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 29 (87-88-89), pp. 102-129.
- Pichel, Ricardo; Marina Aurora Garzón Fernández, Tania Vázquez García e Miguel García-Fernández; Esther Corral Díaz e Ricardo Pichel (coords.) (2020): *Guía para o estudo da prosa galega medieval*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, <https://biblioteca.xunta.gal/es/guia-para-o-estudo-da-prosa-galega-medieval-3> [consulta: 12/05/2023].
- Rivas Quintas, Eligio (1976): “La isoglosa *Pacio / Pazo* en Galicia”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 3, pp. 357-364, <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/3109>.
- Rodríguez Fernández, Justiniano (1977): “Fuero de Villafranca del Bierzo”, en *Estudios humanísticos y jurídicos. Homenaje a D. Emilio Hurtado Llamas*. León: Colegio Universitario de León, pp. 355-383.
- Rodríguez Fernández, Justiniano (1981): *Los fueros de León*, 2 vols. León: Ediciones Leonesas.
- Sánchez González de Herrero, María Nieves (2023): “La documentación de San Andrés de Espinareda: testimonio de una variedad de frontera”, *Revista de Filología Española* 103/2, pp. 505-532. DOI: <https://doi.org/10.3989/rfe.2023.019>.
- Seco Orosa, Ana (1998): “O trazado da fronteira do galego na provincia de León”, *Estudios Bercianos. Revista oficial del Instituto de Estudios Bercianos* 24, 32-47.
- (2004): “O trazado da fronteira oriental do galego en León e Zamora”, en R. Álvarez Blanco, F. Fernández Rei e A. Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, pp. 415-463.
- Souto Cabo, José António (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII* (Monografía 5 da *Revista Galega de Filoloxía*). A Coruña: Universidade da Coruña.
- (2022): “Ao muito unrado senhor e sages don Ruy Garcia de Pavia. Novos testemunhos da afloração e expansão do (galego-)português como língua escrita em Portugal”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 49, pp. 1-47, <https://doi.org/10.15304/verba.49.7721>.
- TMILG: Xavier Varela Barreiro (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.es/tmilg> [consulta: xullo-decembro de 2022].
- Williams, Edwin B. (1975³): *Do latim ao português. Fonologia e morfologia históricas da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro [1ª ed.: 1961. Ed. orixinal: *From Latin to Portuguese. Historical Phonology and Morphology of the Portuguese Language*. Pennsylvania / Oxford: University of Pennsylvania Press / Oxford University Press, 1938].